

Presentación do
curso 2019/2020
**Información ás
familias**



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓ
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**IES XERMÁN ANCOCHEA
QUEVEDO**

R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)

Tlf.: 988330302 Fax: 988330302

Correo electrónico: ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

Matrícula curso 2019/2020

ESO

1º ESO A		17
2º ESO A		25
3º ESO A	9	
4º ESO A	11	
Total alumnado ESO	62	

1º Bacharelato

Ciencias		5
Humanidades e ciencias sociais		5
Total alumnado 1º Bacharelato		10

2º Bacharelato

Ciencias		11
Humanidades e ciencias sociais		8
Total alumnado 2º Bacharelato		19

FP Básica

Electricidade e electrónica		8
Total alumnado FP Básica		8

Ciclos formativos

1º Ciclo medio		6
2º Ciclo medio		5
1º Ciclo superior		18
2º Ciclo superior		8
Total alumnado ciclos		37

Total alumnado do centro

136




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"
 FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA



**IES XERMÁN ANCOCHEA
 QUEVEDO**

R/ Germán Ancochea, nº 13
 32780 A Pobra de Trives (Ourense)
 Tlf.: 988330302 Fax: 988330302

Correo electrónico: ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

Oferta educativa

1º ESO	2º ESO	3º ESO
CSXH: Sección bilingüe	CSXH: Sección bilingüe	CSXH: Sección bilingüe
		Materias optativas
		Francés Cultura clásica

4º ESO		FP Básica
CSXH: Sección bilingüe		Electricidade e electrónica
Áreas troncais (Elixir un itinerario)	Optativas (Elixir unha)	
Física e química / Bioloxía Economía / Latín	Plástica / Francés / Cultura científica / TIC / Música	
Tecnoloxía / Ciencias aplicadas / IAEE (Sólo 2)		

1º Bacharelato	2º Bacharelato
Itinerarios: <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias • Humanidades • Ciencias sociais 	Itinerarios: <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias • Humanidades • Ciencias sociais

Ciclos formativos			
1º CM	2º CM	1º CS	2º CS
Instalacións eléctricas e automáticas	Instalacións eléctricas e automáticas	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Sistemas electrotécnicos e automatizados

Horario de titorías do profesorado de 3º ESO

Profesor/a	Materia	Día	Hora
Ares Ares, Amador	Relixión	Martes	12:20-13:10
Botana Lado, Débora	Lingua galega	Martes	11:30-12:20
Cadavid Pérez, Susana	Francés	Venres	11:30-12:20
Cimadevila Louzao, Diego	Ed. Física/ Cult.Clásica	Xoves	09:20-10:10
Diéguez Pérez, Estrella	Inglés	Martes	11:30-12:00
Fernández Pampín, David	Música	Martes	10:10-11:00
García Early, Ana	Xeografía e Historia	Venres	10:10-11:00
Iglesias Iglesias, Cristina	Física e Química	Mércores	09:20-10:10
Méndez Castro, Pablo	Bioloxía e Xeoloxía	Luns	11:30-12:20
Otero Pérez, Ana Rosa	Lengua española	Venres	10:10-11:00
López Fernández, Celso	Tecnoloxía	Martes	10:10-11:00
Pérez Cabello, M^a José	Ed. Plástica/Titora	Xoves	10:10-11:00
Ramos Mougán, Ana Isabel	Matemáticas	Mércores	11:30-12:20
<i>Varela Pérez, Luis Alberto</i>	<i>Orientación</i>	<i>Mércores</i>	<i>13:10-14:00</i>

Criterios de promoción na ESO

Ao remate de cada curso da ESO, para decidir a promoción dun alumno/a ao seguinte curso teranse en conta os seguintes aspectos

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. *No relativo a este punto, para decidir a promoción do alumnado a nivel de centro, terase en conta o seguinte:*

- *no caso de alumnado que teña repetido algunha vez na etapa da ESO, priorizarase a promoción de curso, en calquera caso dos contemplados neste punto, co fin de non esgotar as posibilidades de repetición e non condicionar, deste xeito, a evolución educativa do alumno/a.*
- *No caso de alumnado que non teña repetido anteriormente ningún curso na etapa, decidirase a promoción ao curso seguinte cando se cumpran dous dos tres criterios seguintes:*

1. *que a carga lectiva das materias con avaliación negativa non sexa superior a:*
 - *9 horas semanais en 1º de ESO.*
 - *8 horas semanais en 2º e 3º de ESO.*
2. *Que a cualificación mínima das materias con avaliación negativa sexa igual a 4.*
3. *Que a media aritmética das cualificacións de tódalas materias do curso sexa igual ou superior a 5.*

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con

avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador. *No relativo a este punto, para decidir a promoción do alumnado a nivel de centro, terase en conta o establecido no apartado b) do parágrafo anterior.*

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

Funcións dos titores e titoras

O artigo 59 do Decreto 324/96, do 26 de xullo, establece que cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará as seguintes funcións

1. Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
2. Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais de alumnos, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
3. Coñece-las características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
4. Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
5. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino/aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
6. Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para os alumnos do seu grupo.
7. Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
8. Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
9. Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
10. Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
11. Organizar e presidilas sesións de avaliación do seu grupo.
12. Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
13. Colaborar co departamento de orientación do centro nos termos que se establezan.
14. Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
15. Orienta-las demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
16. Informar ó alumnado, os pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
17. Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais.
18. Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
19. Cubrilos documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
20. Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado e ter informados ós pais e nais e ó xefe de estudos.
21. Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
22. Atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos e alumnas mentres estes permanezan no centro nos períodos de lecer.

Funcións do departamento de Orientación

O artigo 5 da Orde do 24 de xullo de 1998 establece que o Departamento de Orientación dos Institutos de Educación Secundaria realizará as seguintes funcións:

1. Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
2. Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
3. Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
4. Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
5. Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
6. Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional.
7. Informar ó alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñela realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
8. Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo Intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
9. Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
10. Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
11. Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

Medidas de atención á diversidade

A continuación descríbense algunhas das medida de atención á diversidade previstas para o presente curso académico.

Medida	Curso	Características
Aula de atención educativa e convivencia	ESO FP Básica	<p>Establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda. Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deba realizar, corrixilas e avalialas.</p> <p>Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa e convivencia deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos e fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.</p>
Reforzo educativo	ESO FP Básica	<p>Medida que afecta aos elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. No caso do alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira.</p>
Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	1º e 2º de ESO	<p>O alumnado de 1º curso que accedese a ESO por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria. Este alumnado quedará exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira.</p>
Programas de recuperación	2º ESO	<p>Para o alumnado que promociione a 2º curso coas áreas instrumentais superadas e con outras materias suspensas. Este alumnado poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira.</p>

Programas específicos personalizados	ESO	O alumnado repetidor de 1º e 2º cursos seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial. Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.
Programas de habilidades sociais	ESO FP Básica Bacharelato FP Específica	Programa dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
Adaptacións curriculares	ESO	As adaptacións curriculares significativas son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
Agrupamento flexible	2º ESO	Consiste en facer desdobramentos transitorios en determinadas áreas constituíndo un grupo co alumnado que presenta dificultades xeralizadas de aprendizaxe.
Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe	1º e 2º de ESO	Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

Plan de actividades titoriais co alumnado de 3º ESO

1º TRIM	<ul style="list-style-type: none">• Presentación e acollida do alumnado.• Coñecemento inicial do alumnado: cuestionario persoal.• Participación no centro:<ul style="list-style-type: none">▸ <i>Actividade previa á elección de delegado.</i>▸ <i>Elección de delegado/a.</i>• Normas de convivencia:<ul style="list-style-type: none">▸ <i>Elaboración do inventario de aula.</i>▸ <i>“Somos un grupo”</i>▸ <i>Regulamento de réxime interno.</i>• Programa de prevención da violencia de xénero:<ul style="list-style-type: none">▸ <i>Convivencia e responsabilidade na familia.</i>▸ <i>Convivencia e xénero na escola.</i>▸ <i>Diferenzas de xénero nos medios de comunicación.</i>• Dereitos humanos
2º TRIM	<ul style="list-style-type: none">• Educación para a paz:<ul style="list-style-type: none">▸ <i>Mellora da convivencia</i>▸ <i>Prevención de conflitos</i>▸ <i>Promoción de condutas tolerantes</i>• Programa de técnicas de estudio:<ul style="list-style-type: none">▸ <i>Métodos de estudio</i>▸ <i>Memoria</i>• Conmemoración do día da muller traballadora• Educación para o consumo
3º TRIM	<ul style="list-style-type: none">• Programa de orientación académica profesional:<ul style="list-style-type: none">▸ <i>Autocoñecemento.</i>▸ <i>Coñecemento do sistema educativo.</i>▸ <i>Toma de decisións.</i>• Avaliación da titoría.

Calendario escolar 2019-2020

Comenzos actividades lectivas		Avaliacións 2ºBach		Avaliación 1º CM e CS		Avaliacións resto grupos		Vacacións, días festivos																													
Avaliación inicial ESO		Avaliación 2 curso ciclos formativos		Excursións		Entrega de notas		Fin Actividad Lectiva																													
SETEMBRO 2019																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
						1		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
XANEIRO 2020																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
		1	2	3	4	5					1	2																									
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9																								
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16																								
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23																								
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29																									
MAIO 2020																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7																								
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14																								
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21																								
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28																								
25	26	27	28	29	30	31	29	30																													
OUTUBRO 2019																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
	1	2	3	4	5	6						1	2																								
7	8	9	10	11	12	13	3	4	5	6	7	8	9																								
14	15	16	17	18	19	20	10	11	12	13	14	15	16																								
21	22	23	24	25	26	27	17	18	19	20	21	22	23																								
28	29	30	31				24	25	26	27	28	29	30																								
FEBREIRO 2020																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
						1	2					1	2																								
3	4	5	6	7	8	9	3	4	5	6	7	8	9																								
10	11	12	13	14	15	16	10	11	12	13	14	15	16																								
17	18	19	20	21	22	23	17	18	19	20	21	22	23																								
24	25	26	27	28	29		24	25	26	27	28	29																									
MARZO 2020																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
						1						1																									
2	3	4	5	6	7	8	2	3	4	5	6	7	8																								
9	10	11	12	13	14	15	9	10	11	12	13	14	15																								
16	17	18	19	20	21	22	16	17	18	19	20	21	22																								
23	24	25	26	27	28	29	23	24	25	26	27	28	29																								
30	31						30	31																													
ABRIL 2020																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
		1	2	3	4	5			1	2	3	4	5																								
6	7	8	9	10	11	12	6	7	8	9	10	11	12																								
13	14	15	16	17	18	19	13	14	15	16	17	18	19																								
20	21	22	23	24	25	26	20	21	22	23	24	25	26																								
27	28	29	30				27	28	29	30																											
SETEMBRO 2020																																					
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D																								
	1	2	3	4	5	6		1	2	3	4	5	6																								
7	8	9	10	11	12	13	7	8	9	10	11	12	13																								
14	15	16	17	18	19	20	14	15	16	17	18	19	20																								
21	22	23	24	25	26	27	21	22	23	24	25	26	27																								
28	29	30					28	29	30																												

* As avaliacións de 2º Bacharelato poderán ser modificadas segundo o calendario das ABAAU

* As actividades lectivas dos alumnos aprobados de 2º de CM e CS rematarán sobre o 17 de marzo, data a partir da cal se desenvolverá a FCT